



VII CONCURSO DE MÚSICA DE CÁMARA DO CONSERVATORIO SUPERIOR DA CORUÑA

Inscripción: Venres 12 de maio

Proba: Venres 26 de maio 15:30 a 18:30

NO AUDITORIO ANDRÉS GAOS

VII CONCURSO DE MÚSICA DE CÁMARA

CSM DA CORUÑA

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. OBXECTO

As seguintes Bases serán de aplicación ao desenvolvemento do CONCURSO DE MÚSICA DE CÁMARA organizado polo Conservatorio Superior de Música da Coruña, e coordinado polo Departamento de Música de Cámara do mesmo. O Concurso ten por obxectivo recoñecer o esforzo académico e a valía artística dos grupos de cámara do noso Conservatorio, ben como impulsar as súas carreiras artísticas.

2. PARTICIPANTES

-Poderán participar no Concurso calquera alumno/a matriculado en calquera curso da Materia, cuxa candidatura teña sido validada previamente polo seu profesor de Música de Cámara.

-Non serán admitidos pedidos de participación de grupos ou *ensembles* que actúen con director.

-O concurso de Música de Cámara consta de 3 categorías, independentemente da formación/composición das mesmas:

dúos

tríos

cuartetos ou grupos maiores

Os grupos concursantes poderán participar en máis dunha categoría.

3. LOCAL E DATA DE CELEBRACIÓN

O concurso, na súa **Fase Final**, terá lugar o venres, 26 de maio de 2023, en horario de 15.30 a 18.30 horas.

Para a **Fase Previa** serán utilizadas as quendas ordinarias de Audicións do segundo cuadrimestre, previsiblemente durante a primeira semana de exames.

O local de actuación será o Auditorio do Conservatorio Superior de Música.

Todos os concursantes deberán estar presentes 15 minutos antes do comezo das probas para o chamamento correspondente.

4. FORMATO DO CONCURSO

O Concurso terá a seguinte estrutura:

-**Fase previa**, con Xurado formado por profesores do Departamento. As audicións do segundo cuadrimestre farán as veces de **Fase previa**

-**Fase final**, con un Xurado presidido polo Xefe do Departamento de Cámara e profesores da materia. Á **Fase final** apenas poderán acceder aqueles grupos seleccionados, nun máximo de 6 grupos.

Non poderán acceder á Fase final grupos que non tivesen participado na Fase previa e non tivesen sido seleccionados.

-A orden de actuación na Fase final será determinada polo tribunal, tendo en conta a tipoloxía dos grupos e as necesidades da organización.

5. INSCRICIÓN DOS PARTICIPANTES

Os grupos que desexaren participar farán a súa inscrición entregando o *Boletín de Inscrición* ao seu profesor da materia de Música de Cámara, que o redixirá ao Xefe de Departamento. Será feita unha só inscrición por grupo.

A inscrición é completamente gratuíta

6. PRAZO DE INSCRICIÓN

Os interesados remitirán o *Boletín de Inscrición* até ao día 12 de maio de 2023, último día lectivo do curso escolar. A inscrición será única para todo o grupo, e será feita por un só componente do mesmo, en representación da formación. Só serán válidas as inscricións realizadas en tempo e forma.

Unha vez encerrado o prazo de inscrición, será publicada a *Listaxe de participantes* para cada unha das categorías.

7. PROGRAMA DO CONCURSO

Non se establecen obras obrigadas.

-Na **Fase previa**, os participantes haberán de presentar un Programa de entre 10-15 minutos, podendo ser obras completas ou andamentos soltos.

-Para a **Fase final**, os participantes poderán presentar obras completas ou andamentos soltos, que deberán ser distintas das interpretadas na Fase previa, cunha duración máxima de 25 minutos.

No caso de incumprimento destes tempos, o grupo poderá ser penalizado.

8. PREMIOS

Os vencedores de cada categoría serán convidados a participar no *Ciclo de Música de Cámara* que se organiza no Museo de Belas Artes da Coruña. Tamén se fará entrega do Certificado acreditativo de vencedor do Premio. Os gañadores tamén terán a oportunidade de actuar no *Acto de Inauguración* do Curso Académico 2023-2024.

9. XURADO CALIFICADOR

-O Xurado da **Fase previa** estará integrado polos profesores do Departamento presentes no acto.

-O Xurado da **Fase final** estará constituído por 5 profesores do Departamento, e será presidido polo Xefe do mesmo.

As resolucións do Xurado serán inapelables, e este poderá resolver todas as cuestións que non estivesen expresamente previstas nestas Bases.

10. DISPOSICIÓNS FINAIS

-Non se admitirán mudanzas nos Programas presentados polos concursantes.

-A Fase previa e a Fase final, ben como o acto de entrega de premios estarán abertas ao público e poderán ser gravadas con finalidade meramente promocional e artística. Os participantes ceden os seus dereitos de imaxe a este obxecto no momento de aceptar as Bases.

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN NO VII CONCURSO DE MÚSICA DE CÁMARA DO CSM DA CORUÑA

**Fase Final: día 26 de maio, ás 15.30 horas no Auditorio Andrés
Gaos do CSM da Coruña**

-Denominación do Grupo (opcional):

-Nome, apelidos e instrumento dos integrantes:

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.

-Repertorio a interpretar:

-Teléfono e e-mail de contacto:

Nome e sinatura do que presenta o Boletín

Aprobación do profesor de Cámara